

A primeira aventura da ranciña

A ra deste conto era moi pequecha aínda porque levaba pouco tempo de nacida. Tiña as pernas frouxas e case que non sabía brincar. Pero andaba a deprender a maneira de procurar a súa mantenza.



Sempre que a ranciña encontraba algunha larpeirada para xantar, a súa nai dicíalle:

-Moi ben, filliña, moi ben. Así é como se fai. É preciso deprender dende pequechos a valernos por nós mesmos.


A ranciña poñíase do máis fachendosa e pensaba despois de ceibar un aturuxo:

-Esta si que é boa. Son a ra máis espelida de toda esta terra. Estou ben segura que ningunha das miñas irmás facía cousas tan difíciles á miña idade.

Acontecía que esta ranciña nacera un pouco foncha, un pouco gabanciosa e a súa nai aínda non se decatara diso.

A ranciña, a súa nai e as súas irmás vivían preto dun río, debaixo dunhas follas de meloeiro. Entón a ranciña, cun bo curruncho para durmir, irmás para enredar e nai para coidala, levaba unha vida de ledicia. O único que a tiña amolada era que ela reloucaba xa por choutar nas augas do río e fondear como as súas irmás máis vellas e a súa nai. Pero elas sempre lle dicían:

-Non, pequecha, non. Ti es noviña aínda. Ten paciencia e agarda a que as túas pernas sexan fortes. A corrente pode arramplar contigo e



darnos un susto moi grande. Pódeste afogar.

¡Como amolaban á ranciña estes consellos!

-Sendo eu tan intelixente para outras cousas, ¿por que non podo selo tamén no río?

Así foi que un día que a súa nai saíra visitar ao seu curmán o sapo e as súas irmás decidiran bañarse nun curruncho do río que lles gustaba moito, a ranciña, moi fiada de si, comenzou a choutar e choutar á beiriña. E iso que, denantes de marcharen, dixéranlle:

-Coidadiño con andares preto do río.

Ela non lembrou nada disto e xa só tiña que choutar unha vez máis e estaría dentro da auga. Non o fixo, pero...

-¿Estará fresca? Eu vou probala.


De seguida estarricou unha das dúas pernas de atrás e meteuse na auga.

-¡Ai, que morniña está! Eu métome. Pero, ¿que farei se me leva a corrente?

Todo isto pensaba a ranciña cando ollou un pelouro no río, case que na beira. Moi leda, dixo para si:

-Xa está todo arranxado: deica este pelouro eu podo saltar, e do

pelouro para acá tamén podo saltar. Por riba do pelouro pasa un



pouquiño de auga e con esa auga teño un baño.

Non matinou máis. Dun salto que lle foi doado chegou ao pelouro que ficaba preto da beiriña. ¡Que baño máis agarimoso estaba a dar a ranciña! Aquilo si que era troula. Nisto oíu uns laios que daban medo:

-¡Auxilio! ¡Valédeme! ¡Valédeme, que me leva a corrente!


Era a avelaiña azul pousada sobre dunha folla á que a corrente do río levaba cunha velocidade arrepiante.

-¿Que che pasa?

-Que se me mollaron as ás e non podo voar, e o río lévame.
¡Axúdame!

A ranciña matinou un intre:

-¿E se caio deste pelouro? ¿E se me leva a min tamén a corrente?
¡Que se amole! Eu de aquí non me movo. Por parva é que lle aconteceu iso. ¿Quen a mandou subirse a unha folla? ¿A quen se lle pode ocorrer? ¡Que procurase un pelouro como o meu!



E respondeulle á malpocada avelaíña:

-Non podo axudarte, miña xoia, porque perigo eu.


-Pero se ti estás segura nese pelouro. Estarrica unha perna e xa me salvas.

-Ai non, miña filla, non podo. Para outra vez procura un pelouro como o meu e non unha folla. Deprende de min.

As derradeiras verbas da ra deste conto xa non as oíu a avelaíña: a corrente leváraa moi lonxe. E como a ranciña tampouco escoitou máis os laios, seguiu coma se tal, batuxando na auga e choutando sobre do pelouro.

Tan engaiolada estaba a ranciña nesta brincadeira, que non se decatou de que o pelouro enriba do que se atopaba comezou a moverse e movíase ata onde a corrente era máis forte. Maxinade o susto que levou cando viu que ficaba no mesmo medio do río e que, por máis que se apreixara no pelouro, como era liso, case que non lle era posible manterse riba del.

-¡Ai, miña nai! ¡Ai, miña naiciña! Este pelouro moveuse e a



corrente lévame. ¡Auxilio, auxilio, valédeme! ¡Pero quen poderá oírme se a miña nai queda lonxe e as miñas irmás tamén!

Xa choraba a ranciña. Choraba a todo chorar, arrepentíndose a máis non poder porque non tivera en conta os consellos da súa nai, cando o pelouro comezou a moverse outra vez ata a beira do río. Pero a ranciña estaba tan medoñenta que non se decatava disto e seguía a berrar:

-¡Auxilio! ¡Auxilio, que me leva a auga, que me afogo!

E pechaba os ollos para non ver o que acontecía. Nisto sinte que alguén a empuxa, que un tempiño fica no aire e que despois cae coma un fardel de patacas. Só atinou a berrar co seu derradeiro folgo:

-¡Naiciña, eu morro!

Despois escoita unha voz que parece vir de lonxe, pero que en realidade está xunto dela, unha voz que fala con acougo:

-Supoño que isto che serviría de escarmento para que endexamais esquezas os consellos dos grandes e para que axudes aos demais sempre que teñan necesidade.

¿Que era o que acontecera? A ranciña abriu pouquiño a pouco os ollos e atopouse coa súa veciña a tartaruga. E non lle foi preciso cavilar moito: o pelouro que maxinou pelouro non era tal, era o lombo da tartaruga. Non dixo nada a ranciña, só escoitou.

-Deixeiche que estiveses riba do meu lombo e non pensaba pedirche contas por estares facendo o que non debías. Pero cando lle negaches a axuda a avelaiña, pensei que tiña que darche un bo

escarmento para que non voltaras facer cousas noxentas como as que fixeches hoxe.

Non dixo máis a tartaruga porque a ranciña voltara a chorar, xa non de medo nin de arrepentimento por non ter en conta o que os seus lle ensinaran: choraba de dor

lembrándose de quen lle pedira axuda había ben pouco. E choraría máis, moitísimo máis se non fose porque chegaron as súas irmás e fixeron o conto dunha avelaiña azul que elas salvaran de morrer afogada porque a corrente do río levaba a folla por riba da cal agardaba que lle enxugaran as ás.

E riquitiplín ritiplín o meu conto chegou ó fin.

